



NOVIDADES E CRITERIOS A SEGUIR PARA A SOLICITUDE:

- A principal novidade é que se poderá solicitar praza a través de internet na aplicación informática «admisionalumnado ([/www.edu.xunta.es/admisionalumnado/](http://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/)). Ver todas as novidades na [Orde do 25 de xaneiro de 2017](#).
- O alumnado que solicite praza nun centro non adscrito solicitará a admisión [a través de internet](#) ou de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos utilizando o formulario de solicitude ([Anexo II](#)). Na solicitude pódese relacionar ata 6 centros por orde de preferencia.
- Os formularios serán facilitados gratuitamente nos centros e tamén estarán dispoñibles na páxina web da consellería.
- Poderase consultar o estado de tramitación da solicitude a través da aplicación informática utilizando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- Todas as solicitudes que non puidesen obter praza nos centros solicitados serán remitidas á comisión de escolarización que lles asignará praza nos centros onde teñan vacantes tendo en conta, cando sexa posible, as preferencias dos pais indicadas na solicitude e a puntuación obtida por aplicación do baremo.